Ref.- sxrao
2639

INFORME DE SOSTIBILIDADE

SECCIÓN: CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	**DATA ENTRADA**: 22/06/2022
NORMA/PLAN: LEI DA CALIDADE ALIMENTARIA DE GALICIA	
OBXECTO: Establecer o marco normativo que permita asegurar na Comunidade Autónoma de Galicia a calidade dos produtos alimentarios producidos, elaborados ou comercializados no seu territorio e a súa conformidade coa normativa de aplicación, en defensa da lealdade das transaccións comerciais e dos dereitos e intereses lexítimos dos produtores primarios, operadores económicos e profesionais do sector, así como das persoas consumidoras finais. Fomentar, potenciar e garantir a produción de alimentos de calidade. Regular os consellos reguladores cando estas entidades realicen a xestión de figuras de protección da calidade diferenciada. Determinar as obrigas dos operadores en Galicia, así como regular a actuación de inspección e control e establecer o réxime sancionador. Mellorar a eficacia do sistema de control oficial, perseguir a comisión das prácticas fraudulentas e establecer sancións disuasorias. Impulsar a sostibilidade da produción alimentaria galega tanto dende o punto de vista ambiental como o económico e o social.	
DATA DE ENTRADA DOS DERRADEIROS DATOS DO XESTOR: 14/09/2022	

Contido da norma
As actuacións derivadas da entrada en vigor desta norma non poderán constituír dotacións adicionais de medios humanos e materiais.

Análise dos instrumentos financeiros de ingresos
No artigo 27.4 do anteproxecto de lei establécese que a Axencia galega de calidade alimentaria será a encargada de autorizar as entidades certificadoras, así como de supervisar a súa actividade. A dita prestación deste servicio debe ser obxecto de gravame mediante a creación dunha taxa específica mediante unha norma con rango legal, xa que a dita actividade constitúe o feito impoñible establecido no artigo 21.1 a) da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

CVE: A4nG9loB59N9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos
Edificios administrativos San Caetano, Bloque 3
15781 Santiago de Compostela, A Coruña
Tlfno.:981 54 51 10 – Fax.: 981 54 51 94
dx.planificacion.orzamentos.facenda@xunta.gal

Ref.- sxrao
2639

Por outra parte, no artigo 36.2 establécese que a Axencia Galega de Calidade Alimentaria acreditará aos artesáns ou artesáns alimentarios que cumpran unha serie de requisitos. A dita prestación deste servicio debe ser obxecto de gravame mediante a creación dunha taxa específica mediante unha norma con rango legal, xa que a dita actividade constitúe o feito impoñible establecido no artigo 21.1 c) da dita Lei 6/2003.

O resto das normas incluídas no anteproxecto de lei non teñen impacto nos ingresos.

Fundamento normativo:
Artigo 21 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.
Artigo 42.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
Artigo 3 e 7 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

INFORME: Favorable.

A directora xeral de Planificación e Orzamentos
Almudena Chacón Pichel

Asinado por: CHACON PICHEL, ALMUDENA
Cargo: Directora Xeral de Planificación e Orzamentos
Data e hora: 21/09/2022 20:13:11

CVE: A4nG9loB59N9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos
Edificios administrativos San Caetano, Bloque 3
15781 Santiago de Compostela, A Coruña
Tlfno.:981 54 51 10 – Fax.: 981 54 51 94
dx.planificacion.orzamentos.facenda@xunta.gal